



Luís Valle escribiu varios libros de poesía e tamén fixo varios traballos como pintor | PRADERO

MENDIGO DA PALABRA

O NOVO POEMARIO DE LUÍS VALLE PRESENTA UN SER QUE NOS FALA DESDE A MARXE E SE SUSTENTA DAS PALABRAS

Miguel Sande

As veces, non creades, as máis das veces preguntome que fago neste rincón falando de poesía. A quen lle ha importar? E ata dubido se serei normal porque a min —e ergo a man en ocasións timidamente— si me importa. (E o fútbol, que conste, e as pelis do oeste). Acabo de ler unhas declaracións de Miguel Anxo Fernán-Vello, poeta e editor como sabedes, recente gañador do premio de poesía Cidade de Ourense, nas que sinala que as vendas de libros de poesía baixaron ata un 60 %. E para min que hoxe é máis necesaria que nunca, pero está claro que estou —debo estalo— errado.

Concordo plenamente con Xosé Carlos Caneiro en que se precisa xa unha literatura seria. Literatura en maiúsculas. Que interrogue. Que explore. Con palabras que estalen na nosa conciencia e no noso sentir; que tivo que vir un ancián para nos sacudir a todos e liderar as vendas.

Se hoxe dedicas unha semana a buscar unha ducia de palabras, as exactas, para ofrecer outra mirada —a túa propia— nunha simple frase é que estás tolo de verdade. Non tes nada que facer, colega, nada. Hoxe todos somos escritores, entrade na rede e veredes, nin sequera fai falla o formato libro. Hoxe hai máis escritores que lectores. Case. Ser escritor é non ser xa nada, porque entre outras cousas, non facemos falta. As

Luís Valle

CADERNO DO
MENDIGO



POESÍA

«Caderno do
mendigo»

Luís Valle. Edicións
Barbantesa. 80
páxinas.

**Se hoxe
dedicas unha
semana a
buscar unha
ducia de
palabras, as
exactas, para
ofrecer outra
mirada —a túa
propia—
nunha simple
frase é que
estás tolo de
verdade**

editoriais aquí teñen o seu papel e a súa responsabilidade; as axencias literarias contribuíron abondo para ter chegado a esta situación; os xurados deberan abrir novos camiños cos seus xuízos e os críticos, qué. (Para min que ler un libro por semana é como comer percebes a diario; debes acabar por perder o padal e as ganas).

En fin, desafoquei. Teño nas mans o *Caderno do mendigo*, de Luís Valle, poemario que pasou coma toda poesía hoxe en día, desapercibido ou case. Abril é predispoñerte a unha cascada de imaxes desde o principio ata o final, típico nos versos de Luís Valle, nos seus poemarios anteriores; unha expresión esa que lle está a deparar recoñecementos. Ás veces trato de buscar neses poemas o sedimento que arrastra consigo todo caudal e non o atopo, pero pode ser un problema meu, seguro que o é. Porque as imaxes que se suceden son magníficas. Veñen como en torrente e ás veces preciso ver a auga calma, onde está a transparencia, pero xa digo, iso ocoírreme a min. Tan só é o meu gusto. Moi a propósito este *Caderno do mendigo* na voz dun ser que nos fala desde a marxe. Un ser este, da rúa, que polo menos el si, válese da palabra para se sustentar. A palabra, amigos, pouca cousa hoxe, salvo se es mendigo e escribes cadernos coma este. Bo, moi bo, e o que vos digo: é o que queda.